



O Concello de Arteixo publica a convocatoria e as bases para o Concurso Fotográfico Arteixo no Tempo Calendario 2026, aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 7 de agosto de 2025.

"BASES

CONCURSO FOTOGRÁFICO #ArteixoNoTempo – CALENDARIO 2026

1. OBXECTO

O Concello de Arteixo, a través da súa Concellería de Turismo convoca o Concurso Fotográfico **#ArteixoNoTempo**, co obxecto de que as fotografías gañadoras se recollan no Calendario do ano 2026 do Concello.

2. PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de presentación de fotografías iniciárase ao día seguinte da publicación destas bases na web municipal e rematará o 5 de setembro do 2025 ás 23:59 h.

3. CONDICIÓN E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Para poder participar, o usuario debe ser seguidor ou comezar a seguir a páxina de Facebook <https://www.facebook.com/ConcellodeArteixoOficial> ou de Instagram <https://www.instagram.com/concellodearteixo/>

- O usuario participará neste Concurso Fotográfico a través da aplicación Easypromos subindo unha reprodución dixitalizada dunha foto antiga (da que teña dereitos de autoría e reprodución) na que mostre un lugar, rúa ou rincón de Arteixo que mudara co paso do tempo. As elixidas formarán parte do Calendario 2026 editado polo Concello, que cada mes mostrará un rincón diferente.

- O participante que presente unha fotografía en formato dixital a través da aplicación que non conte ca calidade suficiente para a súa reprodución en papel, deberá contar con esa imaxe en formato físico, e cedela de maneira temporal para o seu escaneo e posterior reprodución no caso de ser seleccionada.

- A imaxe presentada non será o resultado final, senón que se será utilizada para facer unha composición do antes e despois da rúa (ver exemplo cartel). O arquivo orixinal previo a calquera edición ha de ter un mínimo de resolución de 300x200 mm a 300 ppp.

- A fotografía deberá estar realizada no Concello de Arteixo.

- As fotografías que non cumpran os requisitos anteriormente esixidos non poderán someterse a votación.

- A fotografía deberá ser enviada en formato JPEG, PNG ou TIFF a través do formulario ao que se poderá acceder a través da web, Facebook e Instagram do Concello de Arteixo.

- O formulario atoparase dispoñible unha vez se seleccione o botón "Participar" do concurso.



- A persoa participante encherá todos os campos do formulario de participación e todos os datos persoais que se requiran, sendo todos de carácter obrigatorio. Na descripción da imaxe deberase indicar con precisión o lugar onde foi tomada, pois esa localización será novamente fotografiada pola empresa encargada da campaña poder realizar a montaxe fotográfica final na que se colocará a fotografía cedida sobre a localización orixinal na actualidade.
- A persoa participante proporcionará datos persoais exactos e postos ao día de forma que respondan con veracidade á súa situación actual.
- Quedarán automaticamente fóra de concurso aquelas obras que fosen premiadas con anterioridade noutro concurso ou certame, ou non cumpran o estimado polas presentes bases. Asemade, a organización reservase o dereito de non aceptar fotografías que leven sinatura ou algunha outra marca identificativa.

4. MECÁNICA DO CONCURSO

- O concurso requirirá para a súa celebración un mínimo de 5 participantes, en caso de non alcanzalo suspenderase a súa celebración.
- A votación das imaxes realizarase a través da páxina do concurso e da valoración dun xurado composto por un profesional con coñecementos de historia/patrimonio, un profesional do mundo da fotografía e un profesional do mundo da publicidade.
- A votación comporase do resultado da suma de 4 puntuacións (sendo 48 puntos a máxima puntuación posible):

1ª puntuación: dependerá da votación popular na páxina do concurso.

- A obra máis votada obterá 12 puntos
- A segunda obterá 11 puntos
- A terceira obterá 10 puntos
- A cuarta obterá 9 puntos
- A quinta obterá 8 puntos
- A sexta obterá 7 puntos
- A sétima obterá 6 puntos
- A octava obterá 5 puntos
- A novena obterá 4 puntos
- A décima obterá 3 puntos
- A undécima obterá 2 puntos



- A duodécima obterá 1 puntos

2ª puntuación: dependerá da valoración dun profesional con coñecementos de historia/patrimonio, que puntuará 12 obras con 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2 e 1 puntos.

3ª puntuación: dependerá da valoración dun profesional relacionado co mundo da fotografía, que puntuará 12 obras con 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2 e 1 puntos.

4ª puntuación: dependerá da valoración dun profesional relacionado co mundo da publicidade, que puntuará 12 obras con 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2 e 1 puntos.

- Se ningún participante obtén votos (0 votos ao final do concurso), realizarase un sorteo aleatorio a través da plataforma Easypromos entre todos eles para elixir aos 12 gañadores.

- En caso de empate entre varios usuarios coa mesma puntuación, realizarase un sorteo aleatorio a través da plataforma Easypromos entre eles para elixir ao gañador ou gañadores.

- Os nomes dos gañadores comunicaranse a través das contas en redes sociais do Concello de Arteixo, Instagram, Twitter e Facebook nos días seguintes á finalización do concurso.

- Os usuarios que participen e os gañadores aceptan que o seu nome sexa publicado nos soportes que o Concello de Arteixo estime oportunos (redes sociais e web do concello).

- Establécense 4 categorías de premios para as 12 mellores fotografías dotadas coas seguintes contías:

- 500 € (cincocentos euros) para a foto que máis puntos obteña.

- 300 € (trescentos euros) para a segunda.

- 200 € (douscentos euros) para a terceira.

- 100 € (cen euros) para as nove seguintes clasificadas.

Os premios non serán acumulables en ningún caso. No caso de coincidencia en varios premios, concederase só o de maior importe.

Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado están ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

Non poderán obter a condición de premiados as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no



artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

- Unha vez publicados os nomes dos 12 gañadores, contactarase con eles a través das redes sociais ou dos datos facilitados para facerlles entrega do premio.
- As fotografías gañadoras serán as que conformen o Calendario de Arteixo 2026.
- As fotografías presentadas quedarán en posesión do Concello de Arteixo e poderá utilizalas e reproducilas por calquera medio, sempre citando ao seu autor.
- O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

5. DATOS PERSOAIS FACILITADOS Á ORGANIZACIÓN

A recollida e tratamento automatizado dos datos persoais, como consecuencia da participación no concurso, ten como única finalidade o correcto desenvolvemento do concurso e a comunicación dos gañadores.

Os datos persoais rexistrados pasarán a un ficheiro propiedade do Concello de Arteixo con domicilio en Praza Alcalde Ramón Dopico, 1, 15142 Arteixo, (A Coruña). O promotor declara que adoptáronse as medidas técnicas e organizativas de protección de datos conforme ao Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

6. PARTICIPACIÓN DOS USUARIOS E RESERVA DE DEREITOS

O Concello de Arteixo resérvase o dereito a descualificar a calquera participante se existe calquera sospeita de uso fraudulento das ferramentas e na forma de participar no concurso. Por este motivo, poderanse tomar as medidas oportunas tales como, bloquear usuarios, descualificar contidos ou usuarios ou calquera outra acción que o Concello de Arteixo estime oportuna.

O Organizador do concurso informa que comprobará a validez dos votos recibidos polos participantes do concurso mediante a ferramenta "Índice de Fraude" desenvolvida por Easypromos. A través desta ferramenta, o Organizador poderá saber, ao finalizar o período de participación, si o participante incorrera en prácticas fraudulentas co fin de obter máis votos. Si o valor do Índice de Fraude da súa participación é igual ou superior ao 100%, o Organizador resérvase o dereito de descualificar ao participante e declarar nula a súa participación.

O Concello de Arteixo resérvase o dereito de modificación e borrado de calquera contido duplicado, erróneo, que se considere fora de contexto ou calquera outro criterio que o Concello de Arteixo crea convinte.

O Concello de Arteixo resérvase o dereito de suspender ou eliminar aquelas achegas ou comentarios que incumpran estas condicións.



A presentación de traballos neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. O incumprimento dalgún dos seus apartados levarían implícita a exclusión do concurso da obra presentada. Se as bases fosen modificadas a criterio da organización, comunicaríaselles oportunamente a todas as persoas interesadas."